

A ANTROPONIMIA GALAICA: ADDENDA ET CORRIGENDA

Servando Lois Silva

O obxecto desta pequena comunicación será un intento de establecer da maneira máis clara posible o elenco da antroponimia de época romana da antiga *Gallaecia*, concretamente do material de filiación indíxena que se pode extraer da epigrafía atopada na zona.

Nos últimos anos apareceron unha serie de obras que tentan compilar os antroponimos que poden ser lidos nas inscricións romanas. Así Juan Manuel Abascal Palazón publica en 1994 a súa obra *Los nombres personales en las inscripciones latinas de Hispania* e Barnabás Lörincz e Franciscus Redö comezaron no mesmo ano a publicación do seu *Onomasticon Prouinciarum Europae latinarum*¹, aínda en curso.

Estes autores recompilam os datos a partir das últimas publicacións do momento que recollían os epígrafes latinos de cada zona. Tendo en conta a profunda e fecunda revisión á que está sendo sometida a epigrafía romana pola reedición do *CIL*, algúns deses datos poden estar errados. Ademais hai que ter en conta o amplo abano de posibilidades de erro na lectura das pedras en si, pois moitas delas están desgastadas ou rotas, co que é fácil que o publicador do texto encha as lagoas da pedra e que logo a tradición epigráfica tome como boas o que non son máis ca conxecturas. Outro elemento a ter en conta na incorrecta lectura das inscricións é o feito de que non sempre o que le as pedras ten a suficiente preparación no eido da onomástica ou datos actualizados como para recoñecer nunha pedra de difícil lectura un antroponimo dado, saíndo ás veces verdadeiras aberracións. En ocasións son as circunstancias da lectura as que fan que algunhas sexan sospeitosas: pode ser que a pedra estea cuberta de musgo ou liques, ou que a luz ambiental non sexa a axeitada ou que a pedra sexa incómoda de ler pola súa ubicación: ás veces están fixadas en paredes a varios metros de altura e, se non se atopa unha escada, as lecturas desde o chan poden levar a engano. Tamén está o problema do seguimento cego das lecturas das *auctoritates* se tal ou tal autor, por outro lado de recoñecido e merecido prestixio e pericia neste campo, dá unha lectura determinada moitos estudosos posteriores van aceptar o resultado desta como dogma sen se parar a comprobar se acaso ese autor estaba errado.

Servando Lois Silva

Así, o motivo desta comunicación será a corrección de erros no que atinxe á antroponimia prerromana de certas lecturas de inscricións romanas da Gallaecia. Tamén presentarei algunhas inscricións inéditas, ata onde eu sei. Nestes casos non pretendo facer unha publicación *stricto sensu* da inscrición, senón máis ben dar noticia delas e presentar os datos antroponímicos delas resultantes.

BLENA SALAI

Esta pedra é de procedencia descoñecida e está depositada no Museu do Abade de Baçal en Bragança². Creo que está aínda inédita. A lectura que realicei cando vin a pedra foi a seguinte:

BLIIN
A · SALA
I · AN
XXXX

O que nos proporciona a primeira aparición dunha forma **Blena**, variante etacista do xa coñecido **Bloena**, que Abascal (1994) documenta en Braga³, A Coruña⁴ e Bragança⁵. Lörincz & Redö (1994), que non citan o exemplo de Ponteceso, engaden outro testemuño de Porto⁶. O patronímico **Salaius** aparece en Zamora e Cáceres⁷. O **Sala---** de Abascal (1994) é outro exemplo deste antropónimo⁸.

BOVTIVS MATVGENI

Esta pedra, de orixe descoñecida, está depositada no Museu do Abade de Baçal en Bragança⁹. Está inédita ata onde eu sei e na ficha do Museu lese do seguinte xeito:

BOVTIO
(...)IV
CEIVI · F
II · XXV

Pero tras a autopsia da pedra que fixen no seu momento creo que a lectura correcta é

BOVTIO
MATV
GENI · F
A · XXXV

Deste xeito obtemos dous novos exemplos de antropónimos xa coñecidos: **Boutius** e o seu feminino **Boutia** aparecen 83 veces en Abascal (1994). Lörincz & Redö (1994) aportan un caso da Pannonia, pero que é un *Lucensis*¹⁰, e outro da Bélxica¹¹. **Matugenus** aparece en Abascal (1994)¹² unha vez en Ávila¹³ e na forma

Matucenus, coa gutural xorda, tres veces en Ávila, Cáceres e Zamora¹⁴. Hai un **Maducena** en León¹⁵ con dental sonora. Lörincz (2000) aporta exemplos como os **Matucenia** e **Matucenius** da *Narbonensis*¹⁶, o **Matugenia** da Bélxica¹⁷, o **Matugena** da Nórica¹⁸, os tres **Matugenus** da Nórica¹⁹ e o de Aquitania²⁰.

****CILIASA **ALAESI**

Esta pedra procede de Sejas de Aliste (Zamora) e foi publicada por Martín Valls e Delibes de Castro en 1975²¹. Estes autores, así como os seus continuadores ata Alonso & Crespo (2000), editan a inscrición do mesmo xeito:

CILIASA
ALAESI F(ilia)
A(nnorum) XXX.

Se consultamos Abascal (1994)²² atopamos que este é o único testemuño como tal deste nome, pero o autor ponlo en relación con **Cila**, **Cilea**, **Cilia**, etc. Tendo en conta o sufixo só se podería conectar con **Carbasus**²³, **Lauasus**²⁴ e **Audasius**²⁵. Pouca base comparativa ten, pois. Pero o realmente estraño é que se está realmente derivado da mesma raíz que **Cilus**, **Cilia** (que é tan produtiva) só aparece esta forma con tal sufixo. O esperable en tan amplo elenco de derivados da raíz **Cil-* é que se formen antroponimos con sufixos recorrentes, só esta forma en *-asa* queda illada.

A forma ALAESI do patronímico tería correlatos tales como o de Yecla de Yeltes (Salamanca) e o ALAISI de Hinojosa del Duero (Salamanca)²⁶, se ben o primeiro deles consta nunha inscrición na que hai un desgaste xusto antes do primeiro <A> que, se cadra, contiña un , o que faría que engrosase a lista dos **Balaesus** que tanto abundan en Hispania.

Unha máis atenta mirada á foto que achegan Martín Valls & Delibes de Castro nos fai ver que, se cadra, a lectura que eles dan non é a apropiada. O que parece lerse na dita foto sería, na miña opinión, CILIAE B / ALAESI, cousa que faría cadrar ámbolos nomes no elenco máis habitual da antroponimia galaica. Na primeira liña seméllame moi clara a lectura <E> do que os seus publicadores leron <S>, así mesmo creo igualmente probable ver un xusto ó final desa liña. Por outra banda isto cadraría mellor coas fórmulas habituais nas inscricións funerarias da zona, onde o nome do defunto soe ir en dativo, fronte ó nominativo que esixía o **Ciliasa*.

O antroponimo **Cilia** está testemuñado en Viseu, Cáceres e Castelo Branco (x2)²⁷ e o seu correlato masculino **Cilius** aparece trinta veces en Abascal (1994)²⁸.

Balaesus aparece ata once veces en Bragança, León, Zamora e Cáceres. **Balaesina** en Lugo. **Balesinus** en Vila Real²⁹.

Así pois, cómpre eliminar o suposto nome ***Ciliasa* das listaxes antroponímicas de Hispania. O mesmo hai que dicir deste exemplo de ***Alaesus*, polo que só resta o testemuño de Yecla de Yeltes (Salamanca)³⁰ e o do **Alaisi** de Hinojosa del Duero (Salamanca)³¹.

****COLVPATA**

Este antropónimo lese nunha inscrición provinte do monte de Pena da Dona, en Santa María de Paradela - A Estrada (Pontevedra). A inscrición foi publicada por vez primeira en *Ephemeris Epigraphica* IX 283. A pedra na que está gravado o texto presenta un campo epigráfico sen labrar e está rota nas partes inferior e esquerda, afectando ó dito campo. O texto de *CIRG* II é

D D MA
COLVP
A+A AN
[...].XLIX.

No que atinxe ó antropónimo son dubidosos o primeiro <A> e a penúltima letra, que sempre foi interpretada como <T> na literatura pertinente. Un antropónimo deste tipo é un ἀπαξ que non atopa ningún paralelo na antroponimia hispana nin romana³². Non obstante Albertos (1966) áchaos en nomes da que ela supón que é a mesma raíz como **Coluscus** en Britannia³³ ou o epíteto de Mercurio **Colualí** de Salvatierra de Santiago³⁴ (Cáceres).

Se atendemos á sufixación do nome, veremos que este *-ata* ten en latín unha orixe claramente participial e no elenco da antroponimia indíxena non ten paralelos. Se miramos a lista de *nomina ecognomina* en *-atus* / *-ata* que achega Solin & Salomies (1988)³⁵: **Apicatus**, **Castricatus**, **Extricatus**, **Lainatus**, **Urinatus**, **Gratus**, **Quadratus**, **Bieratus**, **Honoratus**, **Optatus**, **Torquatus**, **Improbata**, **Dicata**, **Picata**, **Locata**, **Educata**, **Bonifata**, **Sagata**, **Vallata**, **Dalmata**, **Mam(m)ata**, **Sarmata**, **Confirmata**, **Enata**, **Damnata**, **Matronata**, **Omata**, **Exomata**, **Venerata**, **Operata**, **Prosperata**, **Pirata**, **Orata**, **Patrata**, **Pensata**, **Tata**, **Dotata**, **Vittata**, **Gravata**, **Conservata**, **Veneratus**, **Lanatus**... veremos que a maioría teñen raíz verbal: **Confirmata** < *confir-mo*, **Dicata** < *dico*, etc, outros derivan de adxectivos denominativos e indican 'provis-to de...' como **Lanatus** < *lanatus* -a -um < *lana* 'la', **Sagata** < *sagatus* -a -um < *sagum* 'saio'. So son excepción a isto formas como **Dalmata** ou **Samata**, que indican a *origo*, e **Tata**, probablemente con orixe na linguaxe infantil. O problema é que non existe ningún verbo ou adxectivo do cal derivar unha forma como **Colupata**.

Hai, pois, que buscar unha alternativa para este nome, que pasa, ó meu entender, por segmentalo **CO LVPATA**. Deste xeito o que temos aquí é un *duo nomina*, característico das mulleres, estando o *nomen* abreviado. Así a defunta chamaríase **Cornelia Lupata**. Cando se abrevia un **Cornelius** ou unha **Cornelia**, o normal é atopar **COR**, **CORN**, ou **CORNEL**, co que estaríamos aquí ante unha abreviación anómala, pero non por iso imposible, pois hai exemplos dela como o de Vilacova - Troitosende - A Baña (A Coruña)³⁶. Canto ó **Lupata** xa podería ser explicado convenientemente como derivado de *lupatus* -a -um 'provis-to de dentes', referido ó freo dun cabalo, en clara relación con *lupus* 'lobo'. Pois ben, un antropónimo **Lupata** testemuñase en Mérida e Córdoba³⁷, un **Lupatus** en Santa Luzia - Tavira - Faro³⁸ e un **Lupatius** tamén en Mérida³⁹.

A antroponimia galaica: addenda et corrigenda

Polo tanto este suposto nome prerromano hai que consideralo en diante como plenamente latino, por máis que o seu ámbito de uso se restrinxa a Hispania.

****DOCIMA **NITRITI**

A pedra procede de Sagrado - Donai (Bragança) e foi publicada por Belarmino Afonso en 1986⁴⁰. A lectura que este autor fixo foi

DOCIMA
NITRITI
AN L

Así e todo, na tradución que dá di: «*A Docina, filha de Nitrito, de 50 anos*» polo que é patente que no primeiro dos nomes houbo unha errata nalgún momento, co que xa non se sabe se o erro está no <M> do texto ou no <N> da tradución. En calquera caso a tradición antroponímica posterior recolle o nome como **Docima**, e así aparece en Abascal (1994)⁴¹. O antropónimo **Nitriti** resulta tamén un ἄπαξ e en Abascal (1994) aparece seguido dun signo de interrogación.

Temos novamente outro caso de antropónimos non testemuñados máis que nunha soa inscrición e isto, aínda que posible, é estraño.

Ó ver a pedra resulta bastante doado corrixir os erros do editor, pois o campo epigráfico consérvase ben e os sucros das letras son bastante profundos co que non ofrece demasiados problemas de lectura: o que Afonso leu como <MA> ó final da primeira liña é realmente <NI>; o equívoco quizais veña de que as letras amosan trazos curvos e algo ladeados cara á dereita o cal pode ter provocado que ó ler o <I> ladeado ó final xa do campo epigráfico o interpretase como o trazo esquerdo dun <A>. Canto ó comezo da segunda liña, onde el le <NI> realmente pon <AII>, con <E> arcaico, confundindo Afonso o <A> e o primeiro trazo do <E> cun <N> e interpretando o segundo como <I>. Se consideramos este AE como desinencia de dativo correspondente á palabra da primeira liña e o separamos do resto da segunda liña vemos nela un TRITI como patrónimo, que resulta ben coñecido dos estudosos da onomástica antiga⁴². Polo tanto, a lectura que eu propoño sería a seguinte:

DOCINI
AII TRITI
AN · L

Docinia está documentada en Zamora en dúas ocasións⁴³ e é derivada de **Docius**, con sete testemuños en Abascal (1994)⁴⁴. Ambos son nomes que só aparecen en Hispania. Cómpre, pois, eliminar da nómina dos antropónimos prerromanos ese ****Docima** e o ****Nitritus** que ata agora aparecían.

****CRONI CAMALI**

Esta inscrición foi atopada por Martins Sarmiento no ano 1877 na Citânia de Briteiros (Guimarães). Un dos seus primeiros publicadores foi Hübner, primeiro na

Servando Lois Silva

revista *Hermes*⁴⁵ e logo no *Supplementum* ó *CIL* II co número 5592. A lectura consagrada desde entón é

CRONI
CAMALI

Sarmento considerou desde un principio que o CRONI, ou CRON, como el o lía, non era máis cá abreviación dun *C[o]RON[er]I, que sería un segundo exemplo do que aparece en *CIL* II 5595 onde se le claramente

CORONERI
CAMALI
DOMVS

Tanto Albertos (1966)⁴⁶ como Abascal (1994)⁴⁷ seguen esta interpretación. A mesma Albertos (1985)⁴⁸ engade a posibilidade de relacionalo con **Coronus**. Lörincz (1999)⁴⁹ non fai ningunha destas relacións, pero mantén a lectura tradicional.

Se un se achega sen prexuízos á pedra, conservada no Museo de Guimarães, poderá ver, no obstante, que isto non está tan claro en canto ó primeiro antropónimo. A primeira letra non é tal <C>, senón <F> conformada con dúas liñas paralelas verticais, da que a segunda chega so ata a metade da primeira. Dado o desgaste da pedra na zona final da primeira liña non se ve o remate superior da última letra, que fora lida como <I>, pero ante o <F> inicial, só cabe pensar nun FRONT[o], polo que a última letra non sería <I>, senón <T>.

Se volvemos ó principio poderemos ler en *CIL* II o seguinte comentario de Hübner:

Primum elementum in imagine photographa videtur potius L esse aut F (unde cogitavi de Fronto nomine); sed affirmat Sarmento in lapide S apparere claram, angulo tantum inferiore paullulum acutiore. Post N tabula hastam profundam indicat, quam Sarmento non pro litera accepit; videtur tamen I esse. Vnde legendum Croni / Camali (filii). Sarmento putabat in CRON latere Coroneri nomen ex n. 5595 notum; Fortasse recte.⁵⁰

O primeiro elemento na fotografía parece ser mellor I ou F (de onde pensei no nome Fronto); pero Sarmento afirma que na pedra o <C> aparece claro, soamente co ángulo inferior un pouquiño máis sutil. Despois do N a lámina revela unha hasta profunda que Sarmento non tomou como letra; pero parece que é un I. De onde cómpre ler **Croni / Camali (filii)**. Sarmento pensaba que en CRON se agochaba o nome **Coroneri**, coñecido polo número 5595; quizais con razón.

A antroponimia galaica: addenda et corrigenda

É dicir, xa Hübner vira nunha foto a lectura que eu propoño, pero cedeu ante a afirmación de Sarmiento, que ademais tivo acceso directo á pedra (el foi quen a atopou en 1877), xa que o primeiro non puidera vela en 1881 durante a súa visita á zona. Só engadiu a lectura do suposto <I> final.

Creo, pois, que hai que eliminar este exemplo de ****Croni** da onomástica peninsular.

****IOVIONO**

Esta pedra foi publicada no *CIL* II 2613. Foi atopada na parede da ermida de San Sebastián, en Pino de Oro (Zamora) e hoxe está perdida. O texto, tal e como se nos transmitiu, é o seguinte:

IOVIONO
ELGVISTE
RI F AN L

O ****Iouiono** non aparece nin en Albertos (1966 e 1985) nin en Lörlin (1999), onde o máis parecido é un **Iouius** que se documenta unha vez en Narbonense⁵¹ e outra en Pannonia⁵². Tampouco consta como tal en Abascal (1994). Aparece en Alonso & Crespo (2000), 114 coa lectura arriba indicada. Canto ó patronímico consta como tal en todas as obras arriba indicadas.

En todo caso no primeiro nome estaríamos ante un *ἰοναξ*. Pero sería posible dar unha lectura alternativa que o reduciría a un grupo de antropónimos ben establecido. A pedra está actualmente perdida, polo que non será posible verificar perfectamente a miña teoría, pero eu considéroa axeitada. Poderíamos pensar que os <I> que constitúen o antropónimo non sexan en realidade máis que <T>, cun trazo horizontal moi pequeno, como se ve noutras inscricións da zona (como as provenientes de Rabanales). Deste xeito obteríamos unha lectura TOVTONO, que se pode comparar ós dez **Toutonus** que testemuña Abascal (1994)⁵³ de Ciudad Real, Castelo Branco, Zamora, Salamanca e Palencia⁵⁴; tamén hai dous exemplos de **Totonus**, provenientes de Zamora e Ciudad Real e un de **Touto** de Barcelona⁵⁵. Habería, pois, que ler esta pedra do seguinte xeito:

TOVTONO
ELGVISTE
RI F AN L

TRITIAE **ABINIE **ELATONIS

Esta inscrición procede de Sagrado - Donai - Bragança e foi publicada por vez primeira en 1986 por Belarmino Afonso⁵⁶. O editor leu nesa ocasión

TRITIA
E · ABIN

Servando Lois Silva

I · E · ELA
TONI(s) S(uum)
M P

Isto provoca que o **Elatoni(s)** apareza en Abascal (1994) lematizado como **Elato**, considerando o **Elatoni** como dativo, aínda que con interrogantes. Non consta en Lörincz (1999). Pe ro unha autopsia da pedra en cuestión lévame a outra lectura

TRITIA
E · ABIN
I · E · ELA
ESVS CAE
TONIS
M P

Simplemente Afonso non leu a liña catro, polo que hai que eliminar o suposto ***Elatonis**. Temos aquí outro exemplo de **Elaesus** e de **Caeto**. O primeiro documéntase tamén outras trece veces en Abascal (1994)⁵⁷. En canto ó **Caeto**, é un B”> en Hispania⁵⁸, se ben hai unha **Caitta** en Palencia⁵⁹.

En consecuencia: cómpre esquecer o suposto ***Elato**, ampliar o elenco de **Elaesus** con este novo exemplo e introducir o antropónimo **Caeto**. No que toca ó ***Abinie**, creo qua habería que segmentalo (como, por outra banda, fixo o gravador) como ABINI · E, sendo este <E> un erro do lapicida por <F>, polo que estaríamos ante outro exemplo de **Abinius**⁶⁰.

****VIRONIO **AOSECEI**

É esta unha inscrición procedente de Atenor - Miranda do Douro, Bragança. Foi publicada por António Maria Mourinho en 1986 e en *AE* 1987, 577. A partir delas queda establecida unha lectura

VIRONIO
AOSECEI
F
IX

Isto é o que podemos ler en Abascal (1994)⁶¹, se ben con certas dúbidas con respecto ó **Aosecei**. **Vironius** é un nome que aparece outra vez en Capilla (Badajoz)⁶² e é facilmente reducible ó tipo de **Vironus**, **Virius** etc. (ata trece exemplos de **Vironus** documenta en Burgos, Palencia, Cáceres, Salamanca, Navarra, Bragança, Logroño, León e Zamora e catro de **Virius**, en Oviedo, Castelo Branco ou Viseu). Abascal cataloga este exemplo de **Vironius** cos *nomina* e non cos *cognomina*, pois, aínda que non aparezan os *tria nomina* e ademais o patronímico sexa indíxena, considérao *nomen* latino. **Aosecei**, en cambio, carece totalmente de paralelos e non pode ser derivado de ningunha raíz antroponímica coñecida.

A antroponimia galaica: addenda et corrigenda

A pedra está moi desgastada e presenta a parte dereita do campo epigráfico levantada, co que a lectura é bastante complicada e explica os erros (na miña opinión) que cometeu Mourinho. En primeiro lugar, observando moi atentamente a inscrición, pódese ver que o suposto <O> que el le como segunda letra da liña segunda é realmente un <E>, co que chegamos a un AESECEI, que, como tal antropónimo carecería tamén de paralelos. Unha posibilidade sería ver aí un [...]AE SECEI, que se entendería como a desinencia de dativo do nome da primeira liña seguido dun antropónimo ben coñecido. Na primeira liña hai que dicir que existe un nexo N_I e o resto das letras á súa esquerda son relativamente claras, canto ó que se pode ler á súa dereita eu creo que o que Mourinho interpretou como <O> reflicte máis ben un <C>. Hai que se dar conta de que esta zona do campo epigráfico está levantado, o que puido levar ó publicador a ver aí unha desinencia de dativo en -o, mesmo aínda que non vía como se cerraba esa letra.

En conclusión, creo que hai que ler esta inscrición deste xeito:

VIRONIC
AE SECEI
F
IX

O antropónimo **Vironica** está documentado xa en León⁶³ na súa forma masculina e o **Secei** ten un paralelo case exacto, non sendo na gutural sonora que presenta, no **Segei**⁶⁴ de Asturias e no **Seggei**⁶⁵ de Burgos e está en relación cos **Segius**, **Seggues**, **Segila**, **Segilus**, **Segisamus**, etc que podemos ver en Abascal (1994). A oscilación entre oclusivas xordas e sonoras ou a xeminación de consoantes nunha mesma palabra é algo habitual na epigrafía de época romana e non vou entrar aquí a tentar explicala.


Cómpre, pois, eliminar as referencias a este **Vironius** e ó estraño **Aosecei**.

Conclusiones

Hai unha serie de nomes que cómpre eliminar dos manuais antroponímicos como resultado de máis precisas pesquisas. Se a actualización é un deber dos científicos, se traballamos con datos tan escasos como os da antroponimia prerromana é necesario un constante esforzo de revisión, pois un nome mal lido pode dar lugar a estériles conxecturas etimolóxicas.

BIBLIOGRAFÍA

- Abascal Palazón, Juan Manuel (1994): *Los nombres personales en las inscripciones latinas de Hispania*. Anejos de Antigüedad y cristianismo, II. Univ. Complutense de Madrid - Universidad de Murcia.
- Afonso, Belarmino (1986): *Brigantia* VI 1986, 484-486.
- Albertos Firmat, Ma Lourdes (1966): *La onomástica personal primitiva de Hispania. Tarraconense y Bética*. Theses et studia philologica Salmanticensia - XIII. Salamanca.
- Albertos Firmat, Ma Lourdes (1985): «La onomástica personal indígena del noroeste peninsular (astures y galaicos)» *Actas del III C.L.C.P.*, 255-310.
- Alonso Ávila, Ángeles & Crespo Ortiz de Zárate, Santos (1999): *Corpus de inscripciones romanas de la Provincia de Salamanca. Fuentes epigráficas para la historia social de la Hispania romana*. Valladolid.
- Alonso Ávila, Ángeles & Crespo Ortiz de Zárate, Santos (2000): *Corpus de inscripciones romanas de la Provincia de Zamora. Fuentes epigráficas para la historia social de la Hispania romana*. Valladolid.
- Baños Rodríguez, G. (1994): *Corpus de inscripciones romanas de Galicia. II*. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.
- Epigraphische Datenbank Heidelberg. www.haw.baden-wuerttemberg.de/projekte/edh.html. *Passim*.
- Fita (1912): «Epigrafía romana y visigótica de Garlitos, Capilla, Belalcázar y El Guijo», *BRAH* 61, 138.
- Hernández Guerra, Liborio (1994): *Inscripciones romanas en la provincia de Palencia*. Universidad de Valladolid - Diputación Provincial de Palencia.
- Hübner, Emil (1892): *Corpus Inscriptionum Latinarum II. Supplementum*.
- Lörincz, Barnabás & Redő, Franciscus (1994): *Onomasticon Prouinciarum Europae latinarum. Vol I: Aba - Bysanus*. Archaeolingua. Band 3. Budapest.
- Lörincz, Barnabás (1999): *Onomasticon Prouinciarum Europae latinarum. Vol II: Cabalicius - Ixus*. Forschungsgesellschaft. Wiener Stadtarchäologie. Viena.
- Lörincz, Barnabás (2000): *Onomasticon Prouinciarum Europae latinarum. Vol III: Labareus - Pythea*. Forschungsgesellschaft. Wiener Stadtarchäologie. Viena.
- Mañanes Pérez, Tomás (2000): *Inscripciones latinas de Astorga*. Universidad de Valladolid, Secretariado de publicaciones e intercambio editorial. Valladolid.
- Martín Valls, R. & Delibes de Castro, G. (1975): «Hallazgos arqueológicos en la provincia de Zamora (II)» *BSAA*, XL-XLI 1974-5, 466.



A antroponimia galaica: addenda et corrigenda

Palomar Lapesa, Manuel (1957): *La onomástica personal pre-latina de la antigua Lusitania. Estudio lingüístico*. Theses et studia philologica Salmanticensia - X. Salamanca.

Solin, Heikki & Salomies, Olli (1988): *Repertorium nominum gentilium et cognominum latinorum*. Alpha-omega. Reihe A. Olms - Weidmann.

Vives (1970): *Inscripciones latinas de la España romana*. Universidad de Barcelona. Publicaciones del Departamento de Filología Latina. Barcelona.



NOTAS

1. Vol I: Aba - Bysanus (1994); Vol II: Cabalicius - Ixus (1999); Vol III: Labareus - Pythea (2000).
2. Nº 1514 do inventario.
3. *AE* 1973, 320, de Carrazedo - Amares e *EE* VIII, 119 de Braga.
4. *CIRG* I 67 de Cores - Ponteceso.
5. *CIL* II 5654 do Castro de Avelãs - Bragança.
6. Vives (1970) nº 6789 de Várzea do Douro.
7. Abascal (1994): *s.u.*, *AE* 1965, 105 de Villalazán e *AE* 1989, 398, de Brozas, respectivamente.
8. De Deveza - Vila Nova - Bragança.
9. Co número de inventario 1506.
10. *CIL* III 9834: FLAVOS BO / VTI F MIL / COH I LVCE / ANN XXXI / STIP X DOM / LVCO AVG H F C / H S E.
11. *CIL* XIII 3988: D M / BOVTIVS AL / CTVS SIBI ET COP / PO FRATRI VIVS F (de Arlon, a vella *Orolaunum*).
12. *s.u.*
13. *AE* 1982, 593 + *LICS* 42.
14. *LICS* 40; *HAE* 784; *HAE* 927, respectivamente.
15. *IRLe* 265.
16. *CIL* XII 3035.
17. *CIL* XIII 5185.
18. *Noll* 19.
19. *CIL* XII 2865, 2880, 4986.
20. *CIL* XIII 570.
21. Martín Valls, R. & Delibes de Castro, G.: «Hallazgos arqueológicos en la provincia de Zamora (II)» *BSAA*, XL-XLI 1974-5, 466.
22. *S.u.*, pp. 327-328.
23. *CIL* V 5716, *CIL* V 8387, *PAIS* 853.
24. De Vila Boa - Guilhabreu - Vila do Conde (Porto) *EE* VIII, 110. Cabe a posibilidade de ler tamén **Lanasus**, segundo se resolva o nexa que hai entre a segunda e a terceira letras.

A antroponimia galaica: addenda et corrigenda

25. De Caldas de Reis (Pontevedra) *CIRG* I, 69. Hai outros 5 exemplos itálicos: *CIL* V 3503, 3504, 3505, 5150 e 5749. Tamén aparece a forma feminina **Audasia** en *CIL* V 3503, 5749, 8879.
26. Alonso & Crespo (1999): 270 e 80, respectivamente.
27. Cf. Abascal (1994): *s.u.* Tamén hai un exemplo na Narbonense *CIL* XII 1833.
28. Tamén na Dacia: *CIL* III 7631.
29. Cf. Abascal (1994): *ss.uu.*
30. Hernández Guerra (2001): nº 145.
31. Alonso & Crespo (1999): nº 80.
32. Así en Abascal (1994): 333, Lörincz (1999): 69.
33. *CIL* VII 1334/23a.
34. *Zephyrus* III 1952, 59. O epíteto é inseguro *apud* Búa Carballo (2000): 562.
35. Pp. 283, 437, 470 e 471.
36. *CIRG* I, 30. Outros exemplos son *AE* 1986, 0385, de Giela (Braga); *AE* 1919, 0006, de Corinto. Existen tamén inscricións coa abreviatura <C>, como *CIL* II² 07, 00008a, da antiga *Ossigi*, hoxe El Allozo, Cerro de Alcalá (na Bética); *AE* 1946, 0193 de Malpartida de Cáceres; *AE* 1939, 0043, de Basiliko (Grecia) ou *AE* 1899, 0045, de Beirut (Líbano).
37. *AE* 1959, 29 + *AE* 1962, 0070: D(is) M(anibus) S(acrum) / LVTATIA LVPATA ANN(orum) XVI / LVTATIA SEVERA ALVMN(ae) / H(ic) S(ita) E(st) S(it) T(ibi) T(erra) L(euis) de Mérida e *CIL* II², 07, 00274: MARCO BASSAEO RVFO / VIRI CO(n)S(ularis) PROGENERO / EX TESTAMENTO MAR / CIAE SEX(ti) FIL(iae) LVPATAE / HEREDIS EIVS, de Córdoba.
38. *CIL* II 14 + *IRCP* 83 D(is) M(anibus) S(acrum) / CATVRICO [...]VPATO / V(i)X(it) AN [...] (m) IIII / DIES VIII CATVRICA / AGATEME(r)A MARITO BE / NEMERENTI POSVIT (*apud* *ILER* 4556).
39. *CIL* II 525 D(is) M(anibus) S(acrum) / AELIO IVSTO LVPATIO FILIO / DVLCIS-SIMO / QVI VIX (it) ANNO [...] MENS(es) X / PARENTES PISSIMI FEC(erunt)..
40. *Brigantia* VI 1986, 485-486.
41. *S.u.* Non consta este **Docima** en Lörincz (1999) nin o ***Nitriti** en Lörincz (2000).
42. Aparece 26 veces en Abascal (1994) e, baixo formas algo distintas, varias outras veces: **Tridallus** (x1: León), **Tridia/us** (x2: León), **Trita** (x1: Valencia), **Tritaius** (x2: Álava), **Tritaieci** (x1: Álava), **Trite(s)** (x2: León e Vila Real), **Triteus** (x7: Braga, Badajoz, Viseu, Cáceres), **Tritia** (x4: Badajoz, Zamora, Salamanca e Bragança –no mesmo Donai).

43. Alonso & Crespo (2000): 111 e 322.
44. Conto aquí, ademais dos seis exemplos que dá, o **Docio**, que non é máis que un dativo do mesmo nome e non un nominativo dun tema en *-n*. Ademais hai outro **Docius** en Astorga, pero coa forma sonorizada da velar (cf. Mañanes (2000), nº 115).
45. *Hermes* XV 1880, 27.
46. *S.u.* p. 100.
47. *S.u.*, p. 339, onde desbota a posibilidade de o relacionar co **Cronos** grego, por motivo do ambiente cultural en que se atopou a inscrición. En Solin & Salomies (1988), 64 aparecen outros casos de *Cronius* de Roma (*NSA* 1914, 387), Exipto (*CIL* IX, 848. *AE* 1971, 478) e Roma (*CPL* 118 = FINK, ROMA N MIL. RECORDS 64, II, 11), que creo que son nomes gregos.
48. *S.u.* **COROGENVS**, p. 285.
49. Vol. II. *s.u.* p. 86. Este engade un **Cronius** de Dalmacia (*CIL* III 8675).
50. *CIL* II 5592 p. 898.
51. *CIL* XII, 213.
52. *CIL* III, 10222. Dubidoso.
53. *Ss.uu.*
54. Outros **Toutonus**: na Xermania Superior (*AE* 1969/70, 427, de Langres): DIS MANIB / EVTICO TOV / TONI FIL. (*CIL* XIII, 7302, de Mainz-Kastel): su]M(p)TV SV[o 3 / 3]VS COGITA[3] / [3] VS MASC[3] / [3]GEN () DIVI[3] / [per]VINCIVS PA[3] / MARTIVS SEV[3] / [3]NNONIVS [3] / [Am]ABILIV[S?3] / [3]TVLI[3] / [3]M[3] / [3]TON[i]VS GAL[3] / [A]MABILIVS AQ[3] / [3]AVGVSTIO MAGIS[3] / MASCELLIO TOVTON[3] / SEXTIVS VICTOR / RESTVTIVS CVPITVS / VITALINIVS PERPETV(us) / MESSORIVS SENECIAN[us] / CARANTIVS STATIANVS //]S / [3]INVS / [3]ATVS / [3] VS / [3]ATERNVS //) / E[3] / IV[3] / E[3] // [3 e]T VRSINI ACT(oris) SECVNDI [3]. Outros dous exemplos, pai e fillo, veñen da Galia *Lugdunensis*, de Lyon (*CIL* XIII 2287): [D M] / ET MEMORI[ae] / AETERNAE T[ou] / TONIVS DECEMBER / QVI VIXIT ANNOS XIII / ET DIES XXIII TOVTO[N(ius)] / AVXILIVS PATER DO[L(ens?)] / ET IVLIA CATTIA MATE[r] / FILIO KARISSIMO / P C ET S A D. Outro epígrafe de Lyon testemuña a forma feminina **Toutona** (*CIL* XIII 2014): DIIS MANIBVS / ET QVIETI AETERNAE / MARIAE MACRINAE / AEDVAE FEMINAE SAN / CTISSIMAE QVE MECVM / VIXSIT ANNIS XXXI M VIII / QVINTVS VAL TERTIVS / CONIVGI RARISSI / MAE ET SIBI VIVVS POS / TERISQVE SVIS PONEN / DVM PRECEPIT Q VAL / QVINTILIANVS FILIVS / EORVM ET CASSIA TOV / TONA CONIVX EIVS PARE / NTIBVS PONENDVM CVR SVB AS D.

A antroponimia galaica: addenda et corrigenda

55. IRC-01, 00145 (Badalona): ATILIO TOVTONIS / F SANTONO / SEVERA VXSOR. É curioso que haxa outro exemplo de tema en *-n* na Galia Narbonense: CIL XII 852 (Arlès): Q MELIVS TOVTONIS / F VOL(tinia) FLAVOS / SIBI ET AC / CEPTAE SERVACI F / VXORI. O SANTONO da inscrición de Badalona pode ser indicativo da orixe de Atilius: os *Santones* ou *Santoni* son unha tribo do norte de Aquitania. Deste xeito estaríamos ante un inmigrante, polo que os temas en *-n* deste antropónimo serían característicos da Galia.
56. Afonso (1986): *Brigantia* VI 1986, 486 nº 5.
57. En León, Zamora, Valladolid, Salamanca, Burgos, Valencia e Bragança, ós que hai que engadir o da presente inscrición, outro de Bragança e un de *Petauonium* (Rosinos de Vidriales - Zamora) que é un *Uxamensis*.
58. Hai unha **Caetonia** en Dalmacia, *ILJ* 2568 (4271): SY[R]IA CAETONIA CON[S]TANTI(L)A.
59. Hernández (1994): nº 22: CAITTA / ANNAE · MAX / VMILLAE · SER / VA · ANN · XX / H · S · E · / AIA MATER / ET SERVILIVS / REGINVS CAR.
60. Como, de feito, fai Abascal (1994) *s.u.*
61. *Ss.uu.*
62. Fita (1912): *BRAH* 61, 138.
63. *CIL* II 5724.
64. De Castandiello - Morcín: *CIL* II 2698 + *ERA* 24.
65. De Belorado: *AE* 1985, 587.